Regulamento dos traballos fin de grao (TFG) das titulacións de Grao en Enfermaría e Grao en Podoloxía impartidas na Facultade de Enfermaría e Podoloxía da Universidade da Coruña

PREÁMBULO 1
CAPÍTULO I. Disposicións xerais 1
Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación 1
Artigo 2. Normativa aplicable 2
CAPÍTULO II. Matrícula e realización do TFG 2
Artigo 3. Matrícula do TFG 2
Artigo 4. Realización do TFG 3
CAPÍTULO III. Oferta, asignación e dereitos asociados 3
Artigo 5. Oferta e asignación do TFG 3
Artigo 6. Propiedade intelectual, confidencialidade e prevención de riscos 6
CAPÍTULO IV. Defensa, avaliación e publicación 8
Artigo 7. Defensa do TFG 8
Artigo 8. Avaliación e tribunais de TFG 8
CAPÍTULO V. Disposicións finais 11
Disposición derrogatoria. Derrogación normativa 11
Disposición final primeira. Habilitación 12
Disposición final segunda. Entrada en vigor 12

PREÁMBULO

Este regulamento desenvólvese en aplicación da Normativa reguladora da matrícula e defensa do traballo fin de grao (TFG) e do traballo fin de mestrado universitario (TFM) da Universidade da Coruña (UDC), actualmente vixente, co obxectivo de garantir unha xestión homoxénea, transparente e eficiente dos traballos fin de grao de Grao en Enfermaría e de Grao en Podoloxía na Facultade de Enfermaría e Podoloxía (en diante, FEP)

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. Este regulamento ten por obxecto regular a oferta, asignación, realización, defensa e avaliación dos TFG de Grao en Enfermaría e Grao en Podoloxía impartidas na FEP da UDC.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: F1FEGMAG0CB79N710LT6ROAT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 03/11/2026 13:34:16 Página 1 de un total de 31 página(s).

2. Será de aplicación a todo o estudantado matriculado na materia TFG das titulacións da FEP reguladas por esta normativa, de acordo co disposto na normativa xeral da UDC.

Artigo 2. Normativa aplicable

1. Este regulamento desenvólvese en aplicación da Normativa reguladora da matrícula e a defensa do TFG e do TFM da UDC, actualmente vixente. En todo caso, nos aspectos non regulados ou que a contradigan, prevalecerá sempre esta última.

O Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade establece no artigo 14.6 de "Directrices generales para el diseño de los planes de estudios de las enseñanzas de grado" que "O traballo de fin de grao, de carácter obrigatorio e cuxa superación é imprescindible para a obtención do título oficial, ten como obxectivo esencial a demostración, por parte do ou da estudante, do dominio e aplicación dos coñecementos, competencias e habilidades definitorios do título universitario oficial de grao", e que o dito traballo "Deberá desenvolverse na fase final do plan de estudos, seguindo os criterios que cada universidade ou centro estableza. Así mesmo, os traballos de fin de grao deberán ser defendidos nun acto público, seguindo a normativa que, para tal efecto, estableza o cenro ou, se for o caso, a universidade". Analogamente, establece no artigo 17.4 de "Directrices xerais para o deseño dos plans de estudos das ensinanzas de máster universitario" que "Todos os plans de estudos de máster universitario incluirán un traballo de fin de máster, (...) cuxa finalidade é a de comprobar o nivel de dominio dos coñecementos, competencias e habilidades que alcanzou o ou a estudante, e cuxa superación é requisito imprescindible para obter o título oficial. Os traballos de fin de máster deberán ser defendidos nun acto público, seguindo a normativa que, para tal efecto, estableza o centro ou, se for o caso, a universidade".

Serán obxectivos e competencias do TFG os propios que conforman o título de grao en cuestión.

CAPÍTULO II. Matrícula e realización do TFG

Artigo 3. Matrícula do TFG

1. A matrícula do TFG realizarase dentro do prazo que estableza a Universidade, para o cal efectuará o aboamento dos prezos públicos que correspondan, conforme os créditos que teñan asignados.

2. Para formalizar a matrícula do TFG, o alumnado poderá ter pendentes como máximo 78 créditos para completar os estudos, incluídos os correspondentes ao TFG, e deberá matricularse tamén de todas as materias necesarias para rematar o plan de estudos da titulación, todo isto sen prexuízo de posibles excepcións que se recollan na Normativa de xestión académica da UDC.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: F1FEGMAG0CB79N710LT6ROAT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 03/11/2026 13:34:16 Página 2 de un total de 31 página(s).

3. Os/as estudantes que participen en programas de mobilidade saínte ou dobres titulacións con outras universidades españolas ou estranxeiras, poderán matricularse do TFG mentres realizan o dito programa de mobilidade ou a estancia na outra universidade. O seu réxime será establecido regulamentariamente.

4. A matrícula dará dereito á defensa do TFG en dúas oportunidades no curso en que estea matriculado o/a alumno/a, e sempre que cumpra os requisitos para a súa avaliación.

5. No caso de que o/a estudante non obteña unha avaliación positiva, non concorra a ningunha das oportunidades da convocatoria ou non reúna os requisitos para presentar o traballo por ter materias pendentes, deberá formalizar unha nova matrícula noutro curso académico e aboar os prezos públicos correspondentes aos créditos do TFG para poder dispor dunha nova convocatoria.

Unha vez formalizada a matrícula do TFG non procederá a devolución dos prezos aboados por ningunha das causas sinaladas anteriormente.

Artigo 4. Realización do TFG

1. O TFG supón a realización por parte de cada estudante, de forma individual, dun proxecto, unha memoria ou un estudo concreto baixo a dirección de, polo menos, un membro do profesorado propio do centro ou dalgunha das universidades participantes no caso de programas de mobilidade, que actuará como director/a do traballo.

Por outra parte, se no marco dun convenio de prácticas os/as estudantes teñen que desenvolver parte do TFG ou a súa totalidade noutro organismo distinto á UDC, unha das persoas que titorice o traballo poderá pertencer a esa entidade, co fin de que colabore na definición e o desenvolvemento do TFG.

2. O TFG ten como obxectivo esencial a demostración, por parte do/a estudante, do dominio e aplicación dos coñecementos, competencias e habilidades acadados na titulación oficial de grao.

Os temas que se propoñan para a realización do TFG, tanto polo seu nivel de análise como pola súa extensión e polos seus obxectivos, deberá poder desenvolverse nun número de horas equivalente aos créditos ECTS asignados a este traballo no plan de estudos e coa duración que alí se estableza.

Poderán desenvolverse TFG individuais vinculados a un mesmo proxecto ou investigación, sempre que cada estudante presente un traballo independente, cun enfoque, resultados e memoria propios, e sexa avaliado individualmente.

CAPÍTULO III. Oferta, asignación e dereitos asociados

Artigo 5. Oferta e asignación do TFG

1. O órgano competente na xestión do proceso relativo aos TFG, determinado pola xunta de centro, é a Comisión Académica da FEP.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: F1FEGMAG0CB79N710LT6ROAT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 03/11/2026 13:34:16 Página 3 de un total de 31 página(s).

A Comisión de Académica da FEP estudará e informará da adscrición do profesorado aos distintos campos temáticos para a elaboración dos TFG, e será o órgano que estableza a oferta final. A FEP fará pública a través do Campus Virtual a listaxe dos campos temáticos ofertados nese curso académico.

2. A oferta e asignación do TFG realizaranse exclusivamente a través da aplicación SIGMA, de acordo coas seguintes directrices xerais:

TFG tratará fundamentalmente acerca de temas e aspectos do grao correspondente. Así, á hora de o levaren a cabo os estudantes deberán optar entre os seguintes campos temáticos:

Grao en Enfermaría

Campos temáticos	Subcampos/subtemas
Práctica profesional, ética e legal	Ética e práctica profesional Aspectos legais da práctica profesional
Educación e bases teóricas e metodoloxías de enfermaría	Educación para a saúde Bases teóricas e metodolóxicas de enfermaría
Prestación e xestión de coidados de enfermaría nos distintos ámbitos da práctica	Ámbito hospitalario e extrahospitalario Ámbito comunitario Ámbito sociosanitario
Comunicación terapéutica e relacións interpersoais	Comunicación terapéutica Relacións interpersoais Relacións de axuda

Grao en Podoloxía

Campos temáticos	Subcampos/subtemas
Principios básicos e xerais en podoloxía	Anatomía Fisioloxía Psicoloxía Bioloxía Microbioloxía e parasitoloxía Patoloxía xeral Farmacoloxía Sistemas de información e comunicación en ciencias da saúde Método científico e saúde pública
Podoloxía xeral e biomecánica	Podoloxía xeral Biomecánica do membro inferior

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: F1FEGMAG0CB79N710LT6ROAT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 03/11/2026 13:34:16 Página 4 de un total de 31 página(s).

	Radiodiagnóstico e radioprotección Podoloxía preventiva Bioética, lexislación e xestión en podoloxía
Patoloxía podolóxica, tratamentos ortopodolóxicos, físicos e farmacolóxicos	Ortopodoloxía Ortesioloxía dixital e calzadoterapia Patoloxía podolóxica Podoloxía física Terapéutica farmacolóxica Podoloxía deportiva Dermatoloxía
Quiropodoloxía e cirurxía podolóxica	Quiropodoloxía Cirurxía podolóxica Pé de risco Técnicas e procedementos en prevención da infección

No mes de outubro, a FEP ofertará os campos temáticos para a elaboración dos TFG ao profesorado con docencia nos graos que se imparten no centro, coa finalidade de que se adscriban a aqueles que sexan do seu interese.

Na contorna virtual de aprendizaxe institucional da UDC da materia TFG, aparecerá en cada curso académico a adscrición de cada docente aos campos temáticos e o número de traballos a titorizar para ese curso académico. O número de titorizacións para un curso académico será a seguinte:

- PDI a tempo parcial T1: poderán non ofertar titorización. En caso de que decidan titorizar o seu límite será un máximo de 5.
- T3, CIS e Vinculados/as: mínimo de 2 e máximo de 5.
- PDI a tempo completo: mínimo de 4 e máximo de 6.
- Os profesores substituto asumirán as titorizacións dos docentes que substitúan.

O número será prorrateado en función das porcentaxes de docencia que impartan en cada título. No caso das titulacións desta facultade, no caso de ter docencia en ambas, priorizarase a do grao con menos docentes e mais estudantes.

No caso de que a oferta axustada a mínimos non alcance cubrir a demanda para a totalidade do alumnado dalgún dos graos, os requirimentos mínimos de traballos a dirixir polos docentes a tempo completo desa titulación ampliarase.

No suposto de que o PDI non comunique a súa adscrición e o número de titorizacións, será a Comisión Académica do centro a que renove a adscrición do curso anterior (ou no caso de non ter, segundo a/as materias que imparte nese grao) e asignará o número mínimo de titorizacións.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: F1FEGMAG0CB79N710LT6ROAT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 03/11/2026 13:34:16 Página 5 de un total de 31 página(s).

No caso de que o alumnado matriculado supere a oferta de titorizacións, terase en conta o POD do profesorado.

No mes de novembro, o estudantado, previa entrega do seu expediente, será convocado a unha sesión presencial para, por orde de preferencia, elixir o campo temático e subcampo ofertado polo profesororado. O chamamento realizarase por orde tendo en conta o expediente académico do alumnado, aqueles que non entreguen copia expediente no prazo establecido, pasarán a elexir tras aqueles que si o fixeran, sendo ordenados por orde alfabético do primeiro apelido, segundo a letra das oposicións da Xunta dese ano. Este procedemento de solicitude debe ser levado a cabo por todo o alumnado matriculado na materia do TFG do curso correspondente, mesmo se xa estiveron matriculados nesta materia e solicitaron a súa inscrición nos campos temáticos en cursos anteriores, agás os que presenten no prazo establecido o Documento de solicitude de continuidade do TFG coa mesma liña temática e dirección.

Dende o decanato farase público o documento coa relación definitiva de asignación de alumnos/as antes de finalizar o mes de novembro.

Calquera modificación posterior desta asignación terá que efectuarse de común acordo entre o estudantado e o o profesorado afectado, e, en todo caso, sempre que a Comisión Académica da FEP o autorice e faga público.

3. Se o alumnado se matricula no periodo de ampliación de matrícula, no mes de febreiro, os procedementos establecidos para asegurar a súa titorización deberán estar rematados antes da finalización do mes de marzo.
4. O TFG será titorizado ao menos por un/ha profesor/a con docencia no grao correspondente, que terá as seguintes responsabilidades:
   a) Expoñerlles aos estudantes cuxa titoría exerza as características do traballo e orientalos no desenvolvemento deste.
   b) Realizar un seguimento da elaboración do TFG e velar polo cumprimento dos obxectivos fixados.
   c) Avaliar numericamente o traballo efectuado polo/a alumno/a seguindo os criterios de valoración establecidos pola Comisión Académica da FEP.
5. O TFG poderá ser titorizado por máis dunha persoa. Nese caso, cando menos unha delas deberá ser un membro do profesorado con docencia no grao en que estiver matriculado/a o/a estudante.
6. Os estudantes deberán subir á sección da contorna virtual de aprendizaxe institucional da UDC dedicada ao TFG, debidamente cuberto, o Anexo I deste regulamento, no período establecido pola FEP. Esta xestión será requisito para poder presentar e defender o TFG posteriormente.
7. O alumnado poderá elixir entre as seguintes modalidades de TFG:
   a) Revisión sistemática
   b) Revisión Narrativa
   c) Estudo dun caso
   d) Proposta de investigación

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: F1FEGMAG0CB79N710LT6ROAT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 03/11/2026 13:34:16 Página 6 de un total de 31 página(s).

e) Traballo de investigación

8. As datas de entrega do TFG para as diferentes convocatorias serán informadas pola Comisión Académica da FEP e aprobadas en Xunta de Centro, e daráselles a correspondente publicidade.

9. A estrutura xeral con que debe contar a presentación do TFG vén detallada no Anexo II deste regulamento. As estruturas particulares para cada modalidade de TFG recóllense nos anexos III, IV, V, VI, VII, VIII, IX e X. En calquera caso, os seguintes serán trazos comúns ao conxunto dos TFG:

a) O TFG poderá estar redactado en galego ou en castelán.

b) Contará cunha extensión orientativa de entre 15 e 25 páxinas, sen contar o índice, a bibliografía e os anexos que inclúa.

c) A fonte e o tamaño de letra serán uniformes en todo o texto (Arial de 12 puntos) e o interliñado utilizado será de 1,5 liñas, con posibilidade de adaptación nas táboas que figuren no traballo.

d) As marxes da páxina axustaranse ás seguintes dimensións: superior e inferior de 2 cm, lateral esquerda de 2 cm e lateral dereita de 2 cm.

e) O texto debe estar paxinado, cos números de páxina centrados na marxe inferior. No encabezado consignarase o título do traballo, o título abreviado do traballo ou, de ser o caso, o nome completo do/a alumno/a.

Artigo 6. Propiedade intelectual, confidencialidade e prevención de riscos

1. A titularidade dos dereitos de propiedade intelectual do TFG corresponderá, con carácter xeral, ao/a estudante autor/a do traballo, de conformidade coa normativa da UDC e a lexislación vixente.

2. A existencia de acordos de confidencialidade ou de colaboración con entidades colaboradoras non modificará a titularidade dos devanditos dereitos, salvo que as partes suscriban un acordo específico en que se estableza o contrario. Este acordo deberá formalizarse por escrito e cumprir os requisitos establecidos pola normativa da UDC.

3. O estudantado que, no desenvolvemento do seu TFG ou TFM, acceda ou xere información de carácter confidencial, poderá solicitar que se aplique o “Acordo don Consello de Goberno, de 24 de xullo de 2026, polo que se aprova a normativa que regula a confidencialidade para o desenvolvemento de prácticas académicas externas curriculares, traballos de fin de grao, traballos de fin de mestrado e traballos de fin de estudos de formación permanente na Universidade da Coruña”, co fin de protexer a dita información.

A solicitude deberá presentarse antes do depósito do traballo previo á defensa, preferentemente no momento en que se formalice a colaboración cunha entidade externa ou se detecte a concorrencia das circunstancias que xustifican a aplicación do procedemento de confidencialidade..

A solicitude dirixirase a Comisión de Docencia e Validacións da FEP, a través da administración do decanato, e deberá ir acompañada da seguinte documentación:

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: F1FEGMAG0CB79N710LT6ROAT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 03/11/2026 13:34:16 Página 7 de un total de 31 página(s).

a) Modelo de solicitude de confidencialidade (Anexo XI), asinado polo/a estudante, a persoa directora/titora académica do traballo e, de ser o caso, pola persoa responsable da entidade colaboradora ou titora profesional.
b) Xustificación da solicitude, mediante unha copia do acordo de confidencialidade coa entidade colaboradora ou unha declaración motivada do/a estudante ou da persoa titora académica e/ou directora do TFG, en que se xustifiquen as razóns polas que resulta necesaria a aplicación do procedemento de confidencialidade previsto na normativa.
c) Identificación das partes do traballo afectadas pola confidencialidade.
d) Indicacióndas persoas ou colectivos que, por razón das súas funcións, deban ter acceso á información sometida a confidencialidade.

CAPÍTULO IV. Defensa, avaliación e publicación

Artigo 7. Defensa do TFG

1. O TFG só poderá ser defendido e avaliado unha vez que se teña constancia de que o / a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, agás os correspondentes ao propio TFG. No caso dos programas de mobilidade estarase ao previsto regulamentariamente.

No caso de estudantes con matrícula condicionada por non ter superado integramente o título de acceso a un mestrado e que soliciten a defensa de ambos os traballos de fin de estudos (TFG e TFM) no mesmo curso académico, deberán acompañar as solicitudes de defensa cunha declaración responsable en que deixen constancia do non solapamento dos obxectivos e resultados dos traballos e da manifesta diferenciación entre eles. A persoa que exerza como presidente/a do tribunal que avalíe o TFM poderá solicitar ao/á estudante unha copia da memoria do TFG.

2. A defensa do TFG non requirirá autorización das persoas directoras do traballo.
3. O procedemento de solicitude de defensa e depósito do TFG realizarase exclusivamente a través da aplicación SIGMA, accedendo ao Espazo do Estudante de acordo coas seguintes directrices xerais:

a.- Depósito electrónico da memoria final e da documentación complementaria requerida.

b.- Formalizar a solicitude de defensa, confirmando os datos de título, dirección e lingua.

c.- No caso de que desexe autorizar a publicación do seu TFG no Repositorio Institucional da UDC (RUC), deberá sinalar esta opción.

4. Para a defensa e avaliación do TFG, o / a estudante disporá dunha convocatoria por curso académico con dúas oportunidades, de conformidade co disposto na normativa xeral de avaliación da UDC.
5. As convocatorias de defensa do TFG realizaranse conforme ao previsto na normativa xeral da UDC e ao calendario académico oficial vixente.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: F1FEGMAG0CB79N710LT6ROAT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 03/11/2026 13:34:16 Página 8 de un total de 31 página(s).

No cronograma que se presente por curso académico aparecerán programadas a convocatoria adiantada organizada para o mes de decembro e a convocatoria ordinaria coas oportunidades de Xuño e Xullo.

6. A defensa do TFG realizarase en acto público, de acordo co establecido na normativa xeral da UDC e neste regulamento.

Excepcionalmente e por causa debidamente xustificada, o/a estudante poderá solicitala defensa do seu TFG en modalidade non presencial. Para tal fin, presentará unha solicitude motivada e debidamente acreditada ante o/a decano/a do centro cun mínimo de 72 horas de antelación da data de defensa, quen a resolverá unha vez comprobado que se dan as condicións legais, administrativas, técnicas, económicas ou doutra índole que xustifiquen a modalidade non presencial de defensa.

7. A defensa dos TFG terá carácter individual e público, e o traballo será obxecto de avaliación formal por parte dun tribunal académico.

A defensa consistirá na exposición oral do traballo durante un tempo máximo de 10 minutos, en que se dará conta dos seus aspectos máis salientables. O alumnado poderá axudarse dos medios informáticos e audiovisuais que estime pertinentes.

A exposición oral realizarase en galego ou castelán.

8. As particularidades de cada curso académico relativas ao procedemento de defensa, de entre os establecidos neste regulamento, así como os criterios de avaliación aplicables en cada modalidade, recolleranse na guía docente da materia TFG, de acordo co plan de estudos e co acordado pola comisión competente en materia de TFG.

Artigo 8. Avaliación e tribunais de TFG.

1. Os TFG serán avaliados por un tribunal nomeado e constituído para tal fin.

- Se designarán os tribunais avaliadores de TFG no Grao de Enfermería e tribunais avaliadores de TFG no Grao de Podoloxía, para cada curso académico (3 convocatorias) tendo en conta o número de estudantes matriculados no TFG, sen superar os 25 alumnos/as por tribunal.
- Serán seleccionados por sorteo nunha Xunta de Facultade, e formarán parte do mesmo durante 3 convocatorias consecutivas celebradas en xuño (1ª oportunidade), xullo (2ª oportunidade) e decembro (convocatoria adiantada).
- O/A titor/a participará na avaliación numérica do traballo efectuado polo/a alumno/a seguindo os criterios de valoración establecidos pola Comisión Académica da FEP e aprobados pola Xunta de Centro, que serán expostos no Campus Virtual para o coñecemento de todas as partes implicadas. A nota máxima será de 7 puntos.

2. Cada tribunal estará formado, como mínimo, por tres persoas titulares e os correspondentes suplentes, que poderán suplir as funcións de algún membro do tribunal que por motivo xustificado de forza maior non poida desempeñar o seu cometido ou puntualmente se o traballo defendido está titorizado por un membro do tribunal. Todas elas deberán ser membros do profesorado do centro que imparte

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: F1FEGMAG0CB79N710LT6ROAT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 03/11/2026 13:34:16 Página 9 de un total de 31 página(s).

docencia no título de grao, de acordo co texto consolidado da Normativa reguladora da matrícula e a defensa do traballo de fin de grao (TFG) e do traballo de fin de mestrado universitario (TFM). No caso de que, de maneira xustificada, algún dos suplentes tampouco poida acudir ao tribunal, procederase a un novo sorteo tendo en conta a titulación e a urna correspondente.

Será elixible para constituír os tribunais de avaliación dos TFG dunha titulación todo o profesorado que imparta docencia en calquera das materias do título de grao correspondente e que ofertara prazas de titorización nese curso académico. Non obstante, ningún membro deste profesorado será elixible para máis dun tribunal por convocatoria, independentemente da titulación (para o caso dos profesores que imparten docencia nos dous títulos de grao da FEP).

A selección de tribunais levarase a cabo nunha sesión da Xunta de Centro, mediante o seguinte procedemento: Co obxectivo de asegurar a representatividade das competencias do título na composición dos tribunais cada profesor asignarase nunha das tres urnas por titulación do sorteo dependendo:

- Enfermaría: urna de básicas, urna de específicas e urna de clínicas, segundo se as competencias da súa docencia están maioritariamente nunha ou outra. Se asignará a tódolos docentes que non teñan a titulación de Diplomado/a ou Graduado/a en Enfermaría á urna de básicas.
- Podoloxía: urna de básicas, urna de quiropodoloxía-ciruxía e urna de ortopodoloxía-patomecánica, se as competencias da súa docencia están maioritariamente nunha ou outra delas. Se asignará a tódolos docentes que non teñan a titulación de Diplomado/a ou Graduado/a en Podoloxía á urna de básicas.

Un/unha voluntario/a da Xunta de Centro retirará unha papeleta de cada urna e quedarán así elixidos os membros titulares.

Unha vez escollidos os/as titulares dos tribunais, establecerase quen será o/a presidente/a, o/a secretario/a e o/a vogal, seguindo o establecido nos criterios de composición. A continuación levarase a cabo o sorteo dos tres suplentes mediante un novo sorteo. Os/as profesores/as elixidos/as como membros titulares e suplentes dos tribunais quedarán excluídos/as do sorteo do seguinte curso, mentres haxa profesores/as que non fosen seleccionados/as.

Unha vez determinada a súa composición, e no período previo ao proceso de avaliación dos TFG, cada tribunal será asignado por sorteo a cada un dos grupos de estudantes matriculados no TFG .

A composición dos tribunais serán publicada no taboleiro da FEP e no Campus Virtual.

Aqueles/as profesores/as que non poidan participar nos tribunais por causas xustificadas deberán comunicalo ao Decanato da FEP, para a valoración do seu caso pola Comisión Académica. Con este obxecto, terán que presentar o formulario creado para tal efecto, (ANEXO XII) antes da data dos sorteos, ou, en casos excepcionais, antes da celebración do acto.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: F1FEGMAG0CB79N710LT6ROAT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 03/11/2026 13:34:16 Página 10 de un total de 31 página(s).

3. Cada tribunal contará cunha persoa que o presida e outra que exerza as funcións de secretaría. O resto dos membros terán a consideración de vogais.

a) Presidencia: será exercida polo/a profesor/a de maior categoría e antigüidade das urnas de específicas e clínicas (no caso de Enfermaría) ou da urna de quiropodoloxía-ciruxía e ortopodoloxía-patomecánica (no caso de Podoloxía), que terá a responsabilidade de moderar a exposición oral do traballo.

b) Secretaría: ocupada polo/a seguinte profesor/a de maior categoría e antigüidade das urnas de específicas e clínicas (no caso de Enfermaría) ou da urna de quiropodoloxía-ciruxía e ortopodoloxía-patomecánica (no caso de Podoloxía), quen se encargará de cubrir a acta individual da defensa e avaliación dos TFG que o tribunal avalíe (Anexo XIII) e mais a acta de cualificación final do TFG (Anexo XIV), así como de introducir e asinar as cualificacións dos TFG nas actas dixitais.

c) Vogalía, correspondente ao restante membro do tribunal.

Unha vez realizado o sorteo, o/a presidente/a, dentro do prazo que se estableza, deberá remitir á secretaría da FEP unha proposta de data e horario para a exposición e defensa dos traballos, que será publicada no Campus Virtual e no taboleiro da Facultade para coñecemento dos interesados.

O/a presidente/a será o responsable de convocar, nunha sesión extraordinaria, ao tribunal para a valoración do traballo.

4. Logo da exposición, os membros do tribunal poderán formular as preguntas e solicitar as aclaracións que consideren oportunas para poder xulgar a exposición e defensa, ás cales os alumnos deberán dar resposta. O tempo máximo establecido para esta defensa será de 10 minutos.

5. Finalmente, o tribunal deliberará e procederá a lle outorgar ao TFG a cualificación que se trasladará á acta individual do TFG, no seu apartado sobre a exposición e defensa (Anexo XIII). A nota máxima que poderá acadar o estudante neste apartado será de 3 puntos.

O tribunal avaliador contará con todas as cualificacións precisas para establecer a cualificación final, sendo o/a titor/a o/a responsable de subir a través do repositorio documental a acta da súa cualificación de un máximo de 7 puntos.(Anexo XV).

O/a secretario/a do tribunal cubrirá e a acta de cualificación final do TFG (Anexo XIV), que se fará pública ao finalizar a avaliación de todos os/as alumnos/as presentados/as. Así mesmo, encargarase de introducir e asinar as cualificacións dos TFG nas actas dixitais no prazo establecido na secretaría virtual así coma publicar as actas de cualificacións no propio campus virtual da materia.

Todo alumno/a autorizado para realizala defensa do seu TFG que non se presente a mesma, será calificado/a coma non presentado.

6. Aqueles traballos que acaden unha cualificación numérica igual ou superior a 7, e conten coa autorización para a súa publicación, serán remitidos ao Repositorio

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: F1FEGMAG0CB79N710LT6ROAT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 03/11/2026 13:34:16 Página 11 de un total de 31 página(s).

Institucional da UDC (RUC, co enderezo web http://ruc.udc.es). Quedarán rexistrados como unha publicación en formato electrónico, e salvagardaranse sempre os dereitos de propiedade intelectual correspondentes á autoría.
No caso de que desexe consentir a publicación do seu TFG no RUC debe autorizalo no momento de entregar o TFG.

Os estudantes terán dereito á revisión das cualificacións.

Revisión das cualificacións do titor: 10 días antes do comezo do periodo de exposición e defensa, cada titor/a subirá a folla de cualificacións, coas datas de revisión, na contorna virtual de aprendizaxe institucional da UDC da materia.

Revisión das cualificacións do tribunal: na acta de cualificación final de TFG (Anexo XIV) figurarán a data, a hora e o lugar da revisión, que se efectuará dentro das 24 horas seguintes á defensa. Na revisión estará presente cando menos, un membro do tribunal avaliador.

7.- Reclamación das cualificacións: Os/as estudantes poderán reclamar a cualificación definitiva asinada polo tribunal do TFG.

A reclamación presentarase nun prazo non superior aos dous días inmediatamente posteriores á publicación da cualificación do TFG, mediante escrito razoado das causas de reclamación dirixido ao/á decano/a do centro, que se presentará na Secretaría de Decanato. O procedemento regularase polo establecido no artigo 31 do texto consolidado das Normas de avaliación, revisión e reclamacións das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario vixentes

CAPÍTULO V. Disposicións finais

Disposición derrogatoria. Derrogación normativa

Quedan derrogados os seguintes regulamentos, así como calquera outra disposición de igual ou inferior rango que se opoña ao disposto no presente regulamento:

a.- Regulamento para a elaboración dos traballos de fin de grao (TFG) na Facultade de Enfermería e Podoloxía aprobado en Xunta de Facultade o 24 de Xullo de 2025.

Disposición final primeira. Habilitación

Facúltase ao decanato do centro para desenvolver esta normativa e interpretar as dúbidas que poidan xurdir da súa aplicación, mediante as instrución que sexan oportunas.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC, de conformidade coa Normativa reguladora da matrícula e defensa do TFG e TFM, e será de aplicación a partir do curso académico 2026-2027.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: F1FEGMAG0CB79N710LT6ROAT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 03/11/2026 13:34:16 Página 12 de un total de 31 página(s).

O decano da Facultade de Enfermaría e Podoloxía da Universidade da Coruña

Pedro Gil Manso

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: F1FEGMAG0CB79N710LT6ROAT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 03/11/2026 13:34:16 Página 13 de un total de 31 página(s).

ANEXOS

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: F1FEGMAG0CB79N710LT6ROAT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 03/11/2026 13:34:16 Página 14 de un total de 31 página(s).

Anexo I. Proposta de traballo de fin de grao

Proposta de TFG en Grao en .....

CURSO 20...../20.....

DATOS DO/A ESTUDANTE

Apelidos: ..... Nome: .....

DNI/Pasaporte: ..... Teléfono: .....

Enderezo: .....

Correo electrónico: .....

DATOS DO/S TITOR/ES

TITOR/A

Apelidos: ..... Nome: .....

DNI/Pasaporte: ..... Teléfono: .....

Correo electrónico: .....

TITOR/A

Apelidos: ..... Nome: .....

DNI/Pasaporte: ..... Teléfono: .....

Correo electrónico: .....

DATOS DO TFG

Título do TFG en castelán

.....

.....

Título do TFG en galego

.....

.....

Título do TFG en inglés

.....

.....

Modalidade do TFG:
.....

Idioma do TFG: .....

O/s titor/es acepta/n a dirección deste traballo de fin de grao.

....., ..., de ..... de 20.....

Asdo.: ..... Asdo.: .....

Titor/a Titor/a

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: F1FEGMAG0CB79N710LT6ROAT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 03/11/2026 13:34:16 Página 15 de un total de 31 página(s).

Anexo II. Estrutura xeral do traballo de fin de grao

Apartados	Descrición
Portada do TFG	Farase seguindo o modelo que se atopará dispoñible na plataforma Moodle.
Relación de titores do TFG	O nome completo dos titores do traballo incluirase na segunda folla do TFG.
Agradecementos	Son opcionais.
Índice	Xuntarase en folla á parte un índice con todos os títulos e subtítulos das distintas seccións do traballo, os cales terán que ir numerados. Consignarase tamén o número da páxina correspondente.
Resumo estruturado	Terá os seguintes apartados: obxectivos, metodoloxía, resultados e conclusións.
Siglas e acrónimos	Debe indicarse o seu significado a primeira vez que se utilizan no texto.
Contido	Seguirase a estrutura propia de cada modalidade de traballo.
Bibliografía	As referencias consignaranse de acordo co estilo Vancouver ou APA.
Anexos	Son opcionais
Figuras	A inclusión de figuras debe estar plenamente xustificada, e cumprirá citalas no texto. Cada figura irá numerada con números arábigos segundo a orde de citación no texto e acompañada dun pé de figura en que se explique brevemente o que se pretende ilustrar. Tomaranse como referencia as pautas establecidas no estilo Vancouver ou APA.
Táboas	Ao igual que no caso das figuras, a súa inclusión debe estar plenamente xustificada, e cumprirá citalas no texto. Cada táboa irá numerada con números romanos, independentemente das figuras, na orde de citación no texto e acompañarase dun breve título explicativo. Tomaranse como referencia as pautas establecidas no estilo Vancouver ou APA.

Consideracións para o/a estudante que incidirán na calidade do traballo:

a) Cómpre respectar os requisitos éticos e xurídicos da investigación, con especial atención á protección da confidencialidade da información e dos datos de carácter persoal.

b) Debe levarse a cabo unha procura exhaustiva da información que se tratará.

c) Se é posible, hai que evitar as citas que non sexan exclusivamente científicas: notas de prensa, revistas de divulgación e outras fontes menos formais.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: F1FEGMAG0CB79N710LT6ROAT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 03/11/2026 13:34:16 Página 16 de un total de 31 página(s).

Anexo III. Contido específico do traballo de fin de grao na modalidade de revisión sistemática cuantitativa

Apartados	Descrición
Introdución e obxectivos	Marco conceptual do tema de estudo. Estado actual do coñecemento**:** antecedentes relevantes do tema revisado e lagoas no coñecemento. Obxectivo**:** propósito do traballo, xustificando a necesidade da revisión do tema elixido.
Metodoloxía	Criterios de elexibilidade / elección. Estratexia bibliográfica: ▪ Data (mes e ano da busca bibliográfica). ▪ Fontes consultadas. ▪ Estratexia detallada de cada base de datos, límites (ano, tipo de publicación e idiomas) e resultados de cada base de datos. ▪ Eliminación de duplicados. Indicarase o xestor bibliográfico empregado. Selección de estudos: indicar o proceso de selección (preferiblemente por título, resumo e texto completo). Métodos para a avaliación da calidade: indicar se os estudos seleccionados foron avaliados de acordo cun checklist. De ser o caso, indicarase a ferramenta escollida. Métodos para a extracción e análise de datos (preferiblemente de xeito tabular). Establecemento de variables.
Resultados	Diagrama de fluxo. Táboa de síntese**:** incluirá o deseño, o número e as características dos suxeitos, así como o nivel e grao de recomendación de cada estudo incluído. Síntese de resultados das variables.
Discusión	Interpretación dos resultados máis relevantes e comparación cos resultados da literatura científica. Limitacións no proceso de investigación. Implicacións para a práctica e para a investigación.
Conclusións	Síntese dos principais resultados.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: F1FEGMAG0CB79N710LT6ROAT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 03/11/2026 13:34:16 Página 17 de un total de 31 página(s).

Anexo IV. Contido específico do traballo de fin de grao na modalidade de revisión sistemática cualitativa

Apartados	Descrición
Introdución	Presentarase de forma concisa unha breve recesión do estado actual dos coñecementos sobre o tema, incluídas as referencias bibliográficas máis importantes, así como as lagoas de coñecemento existentes.
Formulación da pregunta de estudo	Elaborarase de xeito estruturado a pregunta de investigación e xustificarase a formulación da mesma.
Obxectivos	Estableceranse os obxectivos xerais e específicos que dean resposta a pregunta do estudo.
Metodoloxía	Selección do método de revisión (metaetnografía, metasíntese...) Estratexia de busca detallada de cada base de datos e límites aplicados (ano, tipo de publicación, idiomas). Elaboración dos criterios de inclusión e exclusión. Métodos para a avaliación da calidade. Métodos para a extracción e a análise de datos. Comparación dos estudos de investigación. Desenrolo do rigor metodolóxico.
Resultados	Descrición das variables/categorías que emerxeron. Elaboración de liñas de argumentación/categorías centrais. Elaboración de diagramas que expliquen o proceso.
Discusión	Destacaranse os resultados máis relevantes e estableceranse comparacións cos resultados da literatura científica. Sinalaranse as limitacións ou dificultades para poñer en práctica o plan de actuación. Sinalaranse as implicacións para a práctica e para a investigación.
Conclusións	Síntese dos principais resultados. Elaboración de recomendacións.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: F1FEGMAG0CB79N710LT6ROAT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 03/11/2026 13:34:16 Página 18 de un total de 31 página(s).

Anexo V. Contido específico do traballo de fin de grao na modalidade de estudo dun caso

Apartado	Descrición
Introdución	Presentarase o problema xeral ou a temática principal a que se circunscribe o caso. Co apoio das referencias bibliográficas manexadas, abordarase o estado actual da cuestión. Xustificarase o caso clínico.
Presentación do caso	Descrición cronolóxica da situación clínica do/a doente. Explicación dos aspectos éticos. Declaración de conflito de intereses.
Valoración	Recollerase información clínica obxectiva e subxectiva da persoa para chegar a xuízos correctos e exactos que guíen a intervención profesional.
Plan de actuación	Esta sección debe incluír: • fase diagnóstica (1); • fase de planificación (2); • fase de execución (3); • e fase de avaliación (4).
Discusión	Destacaranse os resultados máis relevantes do caso, en particular o grao de resolución, e estableceranse comparacións cos resultados da literatura científica en casos similares. Sinalaranse as limitacións ou dificultades para poñer en práctica o plan de actuación. Sinalaranse as implicacións para a práctica en forma de recomendacións clínicas.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: F1FEGMAG0CB79N710LT6ROAT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 03/11/2026 13:34:16 Página 19 de un total de 31 página(s).

Anexo VI. Contido específico do traballo de fin de grao na modalidade de proposta de investigación (cuantitativa)

Apartado	Descrición
Antecedentes e estado actual do tema	Presentará de forma concisa unha breve recensión do estado actual dos coñecementos sobre o tema, incluídas as referencias bibliográficas máis importantes, así como as lagoas de coñecemento existentes.
Aplicabilidade	Deben especificarse os resultados que se espera acadar e a súa aplicabilidade dentro da área de investigación, a implicación práctica disto e o seu impacto na contorna socioeconómica.
Hipótese	Formularase de modo claro e preciso o suposto que se vai estudar.
Obxectivos	Indicarase cal é a finalidade do proxecto e as metas concretas que se formulan. Estableceranse obxectivos xerais e/ou específicos.
Metodoloxía	Incluirá: a) o tipo de deseño seleccionado; b) o ámbito e a mostra de estudo; c) o establecemento de variables; d) e a análise de datos, coas súas limitacións.
Plan de traballo	Establecerase graficamente o desenvolvemento do traballo previsto, con indicación das escalas de tempos e a repartición de tarefas a través da elaboración dun cronograma.
Aspectos éticos	Indicaranse os requisitos éticos relacionados co ámbito do proxecto (consentimento informado etc.). Identificaranse os principios éticos e da normativa xurídica referidos á investigación e garantirase o seu cumprimento.
Plan de difusión dos resultados	Cómpre indicar onde se darán a coñecer os resultados da investigación, p. e.: • colectivos de interese; • revistas científicas (cómpre indicar o seu factor de impacto); • congresos nacionais e/ou internacionais etc.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: F1FEGMAG0CB79N710LT6ROAT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 03/11/2026 13:34:16 Página 20 de un total de 31 página(s).

Apartado	Descrición
Financiamento da investigación	**a) Recursos necesarios** • Infraestrutura: cómpre indicar o tipo de centro en que se desenvolvería o proxecto. • Recursos humanos necesarios. • Material funxible e inventariable, e distribución orzamentaria deste material. Indicarase o custo de cada ítem e o custo final: 1. Gasto de persoal. 2. Bens e servizos: – Material inventariable. – Material funxible. – Contratacións de servizos (deben especificarse). – Outros gastos (deben especificarse). 3. Viaxes e axudas de custo (participación en congresos e outros eventos). 4. Financiamento da investigación (material funxible e material inventariable necesario para realizar o proxecto, así como distribución orzamentaria deste material). **b) Posibles fontes de investigación** Indicaranse as posibles fontes de financiamento público (convocatorias públicas autonómicas, estatais, europeas etc.) e/ou privado. Argumentarase brevemente o motivo da selección.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: F1FEGMAG0CB79N710LT6ROAT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 03/11/2026 13:34:16 Página 21 de un total de 31 página(s).

Anexo VII. Contido específico do traballo de fin de grao na modalidade de proposta de investigación (cualitativa)

Apartado	Descrición
Antecedentes e estado actual do tema	Presentará de forma concisa unha breve recesión do estado actual dos coñecementos sobre o tema, incluídas as referencias bibliográficas máis importantes, así como as lagoas de coñecemento existentes. Elaborarase de xeito estruturado a pregunta de investigación e xustificarase a formulación da mesma.
Aplicabilidade	Deben especificarse os resultados que se espera acadar e a súa aplicabilidade dentro da área de investigación, a implicación práctica disto e o seu impacto na contorna socioeconómica.
Obxectivos	Estableceranse os obxectivos xerais e específicos que dean resposta a pregunta do estudo.
Metodoloxía	Incluirá: I.- MARCO TEÓRICO: perspectiva teórico-metodolóxica a) tipo paradigma b) deseño seleccionado II.- MARCO EMPÍRICO a) o ámbito de estudo; b) a mostra do estudo: Tipo de mostreo, tamaño da mostra, criterios de inclusión e exclusión, establecemento de perfiles de informantes; c) entrada ao campo de investigación; d) a posición do investigador no proceso de investigación, así como a inclusión dos sesgos potenciais; e) a recollida de datos; f) a análise de datos, coas súas limitacións; g) e o rigor e credibilidade.
Plan de traballo	Establecerase graficamente o desenvolvemento do traballo previsto, con indicación das escalas de tempos e a repartición de tarefas a través da elaboración dun cronograma.
Aspectos éticos	Indicaranse os requisitos éticos relacionados co ámbito do proxecto (consentimento informado etc.). Identificaranse os principios éticos e da normativa xurídica referidos á investigación e garantirase o seu cumprimento.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: F1FEGMAG0CB79N710LT6ROAT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 03/11/2026 13:34:16 Página 22 de un total de 31 página(s).

Apartado	Descrición
Plan de difusión dos resultados	Cómpre indicar onde se darán a coñecer os resultados da investigación, p. e.: • colectivos de interese; • revistas científicas (cómpre indicar o seu factor de impacto); • congresos nacionais e/ou internacionais etc.
Financiamento da investigación	**c) Recursos necesarios** • Infraestrutura: cómpre indicar o tipo de centro en que se desenvolvería o proxecto. • Recursos humanos necesarios. • Material funxible e inventariable, e distribución orzamentaria deste material. Indicarase o custo de cada ítem e o custo final: 5. Gasto de persoal. 6. Bens e servizos: – Material inventariable. – Material funxible. – Contratacións de servizos (deben especificarse). – Outros gastos (deben especificarse). 7. Viaxes e axudas de custo (participación en congresos e outros eventos). 8. Financiamento da investigación (material funxible e material inventariable necesario para realizar o proxecto, así como distribución orzamentaria deste material). **d) Posibles fontes de investigación** Indicaranse as posibles fontes de financiamento público (convocatorias públicas autonómicas, estatais, europeas etc.) e/ou privado. Argumentarase brevemente o motivo da selección.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: F1FEGMAG0CB79N710LT6ROAT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 03/11/2026 13:34:16 Página 23 de un total de 31 página(s).

Anexo VIII. Contido específico do traballo de fin de grao na modalidade de traballo de investigación (cuantitativa)

Apartado	Descrición
Introdución	Presentarase de forma concisa unha breve recensión do estado actual dos coñecementos sobre o tema, incluídas as referencias bibliográficas máis importantes, así como as lagoas de coñecemento existentes.
Metodoloxía	Describirase como se fixo o traballo: • Deseño seleccionado. • Descrición da poboación ou grupos de estudo. • Procedementos necesarios e métodos de análise de resultados. • Aspecto éticos pertinentes, de ser o caso.
Resultados	Descrición da síntese de resultados das variables, que incluirá os resultados da selección de artigos, cuxa validez se avaliará. Esta sección poderá incluír a elaboración de táboas e/ou figuras que describan os resultados principais de modo sintético.
Discusión	Destacaranse os resultados máis relevantes do caso, en particular o grao de resolución, e estableceranse comparacións cos resultados da literatura científica en casos similares. Sinalaranse as limitacións ou dificultades para poñer en práctica o plan de actuación. Sinalaranse as implicacións para a práctica.
Conclusións	Esta sección debe incluír achegas orixinais do/a autor/a que non fosen publicadas previamente.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: F1FEGMAG0CB79N710LT6ROAT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 03/11/2026 13:34:16 Página 24 de un total de 31 página(s).

Anexo IX. Contido específico do traballo de fin de grao na modalidade de traballo de investigación (cualitativa)

Apartado	Descrición
Introdución	Presentarase de forma concisa unha breve recesión do estado actual dos coñecementos sobre o tema, incluídas as referencias bibliográficas máis importantes, así como as lagoas de coñecemento existentes. Elaborarase de xeito estruturado a pregunta de investigación e xustificarase a formulación da mesma.
Obxectivos	Estableceranse os obxectivos xerais e específicos que dean resposta a pregunta do estudo.
Metodoloxía	Describirase como se fixo o traballo: I.- MARCO TEÓRICO: perspectiva teórico-metodológica a) tipo paradigma b) deseño seleccionado II.- MARCO EMPÍRICO a) Descrición do ámbito e mostra de estudo. b) Procedementos necesarios e métodos de análise de resultados. c) Descrición do rol e posición do investigador e da reflexividade do proceso de investigación. d) Aspecto éticos e) Rigor e credibilidade.
Resultados	Descrición da síntese de resultados a través de categorías, expostos con verbatims obtidos dos datos recollidos. Esta sección poderá incluír a elaboración de táboas e/ou figuras que describan os resultados principais de modo sintético.
Discusión	Destacaranse os resultados máis relevantes e estableceranse comparacións cos resultados da literatura científica. Sinalaranse as limitacións ou dificultades encontradas no proceso de investigación. Sinalaranse as implicacións para a prácticae para a investigación.
Conclusións	Síntese dos principais resultados Elaboración de recomendacións

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: F1FEGMAG0CB79N710LT6ROAT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 03/11/2026 13:34:16 Página 25 de un total de 31 página(s).

Anexo X. Contido específico do traballo de fin de grao na modalidade de revisión narrativa

Apartado	Descrición
Introdución e obxectivo	○ Marco conceptual do tema**:** describindo os antecedentes do tema revisado. ○ Obxectivo**:** propósito do traballo, xustificando a necesidade da revisión do tema elixido.
Metodoloxía	Estratexia de búsqueda**:** data da busca, bases de datos seleccionadas, palabras chave e filtros (tipo de publicacións, anos e idiomas).
Desenvolvemento	Apartados e subapartados que permitan o desenvolvemento axeitado do tema. Os apartados poden variar en función do tema elixido, pero como orientación poderán incluír seccións como tipo de intervencións, tratamentos, etc.
Discusión	○ Interpretación dos achados no contexto do obxectivo da revisión. ○ Relevancia e implicacións para a práctica.
Conclusións	Resumo breve dos achados principais.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: F1FEGMAG0CB79N710LT6ROAT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 03/11/2026 13:34:16 Página 26 de un total de 31 página(s).

Anexo XI. Formulario de solicitude de Confidencialidade de TFG.

DATOS DO/A ESTUDANTE

Nome e apelidos: .....

NIF/NIE/pasaporte: ..... Correo electrónico: .....

Titulación: .....

DATOS DO TRABALLO

Tipo de traballo: ☐ TFG ☐ TFM

Título provisional ou definitivo: .....

Director/a ou codirector/a académico/a: .....

Entidade colaboradora (se existe): .....

EXPÓN

Que o traballo indicado se desenvolve total ou parcialmente en colaboración cunha entidade externa, ou ben que durante a súa realización se accede ou xera información de carácter confidencial, susceptible de protección ou suxeita a segredo profesional.

SOLICITA

Que o TFG/TFM sexa sometido ao Protocolo de confidencialidade para o desenvolvemento de TFG e TFM da Universidade da Coruña e se apliquen as medidas previstas nel.

Para tal efecto, acompáñase a seguinte documentación:

☐ Copia do acordo ou contrato de confidencialidade coa entidade colaboradora (se procede).
☐ Declaración motivada de confidencialidade asinada polo/a estudante ou o/a director/a do traballo.
☐ Identificación das partes do traballo afectadas pola confidencialidade.

As partes do traballo afectadas pola confidencialidade son as seguintes:

Lugar e data: .....

O/a estudante: .....

O/a director/a académico/a: .....

Persoa responsable da entidade colaboradora (se procede): .....

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: F1FEGMAG0CB79N710LT6ROAT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 03/11/2026 13:34:16 Página 27 de un total de 31 página(s).

Anexo XII. Formulario de solicitude de non participación en tribunal de TFG

DATOS DO/A TITOR/A

Nome e apelidos: .....

NIF/NIE/pasaporte: ..... Correo electrónico: .....

Titulación: .....

CONVOCATORIA PARA A QUE SOLICITA EXCLUSIÓN:

- ☐ Primeira oportunidade
- ☐ Segunda oportunidade
- ☐ Convocatoria adiantada
- ☐ Todas as convocatorias do curso académico

MOTIVO DA SOLICITUDE:

DOCUMENTACIÓN JUSTIFICATIVA QUE APORTA:

DECLARACIÓN RESPONSABLE:

☐ Declaro que a información facilitada é veraz e que coñezo que a resolución desta solicitude corresponde á comisión Académica da Facultade de Enfermaría e Podoloxía, atendendo á normativa vixente e ás necesidades de organización dos tribunais de TFG.

Lugar e data: .....

O/a estudante: .....

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: F1FEGMAG0CB79N710LT6ROAT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 03/11/2026 13:34:16 Página 28 de un total de 31 página(s).

Anexo XIII. Acta individual de cualificación final.

Curso académico 20...../20.....

Titulación: .....

Título do TFG: .....

.....

Idioma do TFG: .....

Estudante: .....

O tribunal de avaliación do TFG, coa seguinte composición:

Presidente/a: .....

Secretario/a: .....

Vogal: .....

INFORMA de que este TFG merece a seguinte valoración:

	Cualificación numérica	**Anotacións**
Avaliación do TFG (titor/a)		
Exposición e defensa (tribunal)		
Cualificación global		

..... , ..., de ..... de 20.....

Asdo.: .....

Secretario/a do tribunal

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: F1FEGMAG0CB79N710LT6ROAT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 03/11/2026 13:34:16 Página 29 de un total de 31 página(s).

Anexo XIV. Acta de cualificación final de traballos de fin de grao

Curso académico 20...../20.....

Titulación: .....

Oportunidade: .....

Apelidos e nome	Idioma TFG	Idioma exposición e defensa	Cualificación final

Revisión das cualificacións:

Data: ..... Hora: .....

Lugar: .....

..... , ..., de ..... de 20.....

Asdo.: .....

Secretario/a do tribunal

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: F1FEGMAG0CB79N710LT6ROAT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 03/11/2026 13:34:16 Página 30 de un total de 31 página(s).

Anexo XV. Acta individual de cualificación do titor

Curso académico 20...../20.....

Titulación: .....

Título do TFG: .....

.....

Idioma do TFG: .....

Estudante: .....

Titor/a 1: .....

Titor/a 2: .....

INFORMA de que este TFG merece a seguinte valoración:

	Cualificación numérica	**Anotacións**
Proceso de elaboración TFG (3 puntos)		
Avaliación do TFG (4 puntos)		
Cualificación global		

..... , ..., de ..... de 20.....

Asdo.: .....

……

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: F1FEGMAG0CB79N710LT6ROAT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 03/11/2026 13:34:16 Página 31 de un total de 31 página(s).